

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO BEN PATRIMONIAL DOS PASOS DE MEIRA (RÍO GALLO)

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 28 de agosto de 2020

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Pasos de Meira fan parte do patrimonio etnográfico de Cuntis e representan parte desa riqueza cultural que no noso municipio ten numerosos lazos coa auga, e máis concretamente, co Río Gallo. Este conxunto patrimonial está formado por aproximadamente tres ducias de pedras, de medio metro de alto, que une as aldeas de Cardecide e Meira polo leito do propio río. A súa existencia remóntase, cando menos, ao século XVIII, sendo moi empregados debido á intensa afluencia que rexistraba a feira naquela altura desta segunda aldea, antes da existencia da Ponte de Nieto. O conxunto compóñeno un par de escaleiras que dan acceso aos pasos.

Este conxunto foi obxecto de restauración no ano 2012 no marco do proxecto *Arredor da Auga*, coordinado por Adegas (Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza) en colaboración coa Asociación Cultural O Fervedoiro, de Cuntis. O proxecto, ideado para a súa realización no río Gallo (pertencente á conca hidrográfica do río Umia) tiña por obxecto concienciar á sociedade do valor da conservación dos ecosistemas fluviais e do seu patrimonio. Ademais de ter identificado boa parte da fauna e flora do Gallo, a Asociación Cultural O Fervedoiro catalogara outros elementos do patrimonio etnográfico ligados ao río, como os lavadoiros fluviais da Praza de Galicia. O proxecto completo denominado *Custodia Fluvial nas bacías do Ulla, Umia e Lérez* abrangue estas tres concas dos ríos galegos onde tamén se desenvolven outras iniciativas, estaba promovido por ADEGA e financiado con fondos LEADER polo FEADER, o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e o AGADER. A custodia fluvial é unha ferramenta que permite velar pola conservación dos valores dos cursos fluviais. Este tipo de actuacións facían partícipes á poboación local, sendo esta a protagonista da propia acción, alén de posibilitar a implicación e identificación co proxecto.

Tal e como se sinala, a súa reconstrución foi obxecto de investimento de fondos públicos, polo que a necesidade de conservación supera a simple responsabilidade que atinxe ao patrimonio. É obriga das administracións proporcionarlle o mantemento adecuado, como recolle a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza; sobre todo no que concirne ao artigo 25.2 e outros.

O abandono dos Pasos de Meira foi denunciado no mes de marzo do ano 2015, cando a Asociación O Fervedoiro sinalaba o estado no que quedaran despois das obras realizadas na EDAR

que se atopa nas súas proximidades. Na actualidade, os Pasos de Meira seguen a presentar un lamentable estado de abandono. Nestes anos, o Concello de Cuntis non realizou ningunha intervención de mantemento, nin demandou da autoridade competente (Augas de Galicia) o compromiso necesario. Varios dos pasos da marxe de Meira (ao carón da depuradora) están soterrados no lodo e entre a vexetación, outros están descolocados e na zona foise acumulando area e outros sedimentos. Hai que lembrar que, ademais de seren un ben patrimonial, os *pasos* poden ser empregados como forma de acceso dunha marxe á outra do río, polo que o seu estado actual representa un perigo para quen quixese facer uso deles.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Local a implicarse no mantemento e conservación dos Pasos de Meira e iniciar a súa restauración, reclamando se fosen necesarias as autorizacións e permisos pertinentes doutras administracións, respectando as esixencias e normativas propias da intervención no cauce fluvial.
2. Asumir este elemento etnográfico como un ben patrimonial que precisa de conservación, sinalización e dun tratamento responsable que evite o seu abandono periódico.